

**ORDE do 18 decembro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para os investimentos en transformación e comercialización de produtos agrarios e se convocan para o exercicio orzamentario de 2018.**

[https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2018/20180112/AnuncioG0426-181217-0010\\_es.pdf](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2018/20180112/AnuncioG0426-181217-0010_es.pdf)

### **BENEFICIARIOS**

Os empresarios individuais ou sociedades que sexan ou vaian ser titulares de instalacións obxecto da axuda dedicadas á transformación e/ou comercialización de produtos do anexo I do Tratado constitutivo da Comunidade Europea, e sobre as que recaía a carga financeira dos investimentos e gastos que se consideren subvencionables.

### **GASTOS SUBVENCIONADOS:**

- a) Construción, adquisición e mellora de bens inmobles. A compra de terreos ata un valor inferior ao 10 % do total dos gastos subvencionables.
- b) Compra de maquinaria e equipamentos novos, ata o seu valor de mercado.
- c) Os seguintes investimentos intanxibles: adquisición ou desenvolvemento de programas informáticos así como adquisicións de patentes, licenzas, dereitos de autor e marcas rexistradas relacionadas cos procesos produtivos.
- d) Os custos xerais vinculados as letras a) e b) anteriores consistentes en honorarios de proxecto e dirección de obra, así como en estudos de viabilidade. En todo caso, o importe admisible nestes custos non poderá superar o 12 % do importe total dos investimentos subvencionables das letras a), b) e c) anteriores.

### **CONTIA DAS AXUDAS:**

Tipos de produtos finais	Tipo de empresa solicitante		
	Microempresas e pequenas empresas	Empresas medianas	Empresas non pemes
Incluídos na súa totalidade no anexo I do Tratado	50 %	50 %	50 %

Tipos de produtos finais	Tipo de empresa solicitante		
	Microempresas e pequenas empresas	Empresas medianas	Empresas non pemes
Non incluídos na súa totalidade no anexo I do Tratado	30 %	20 %	10 %

### **PRAZO:**

**ATA 12/02/2018**